

## **ANEXO 2: DECLARACIÓN RESPONSABLE E ACEPTACIÓN DE CONDICIÓN DA PARTICIPACIÓN PARA A RESERVA DA INSTALACIÓN “PISTA DE ATLETISMO VERÓNICA BOQUETE DE SAN LÁZARO” DEPORTISTAS ADULTOS FEDERADOS**

Nome e apelidos:	
Enderezo:	
Modalidade deportiva:	Numero de Licenza:
DNI:	
Correo electrónico de contacto:	
Teléfono de contacto:	

### **DATA PARA O QUE RESERVA A INSTALACIÓN (carácter semanal)**

DATAS SOLICITADAS (máximo 2 días): QUENDA 3 (21:00 a 22:30)	Data:
	Data:

### **CATEGORÍA DEPORTIVA (elixe unha):**

Nacional

Autonómico

### **DECLARO RESPONSABLEMENTE:**

- Que o uso limitase ás PISTAS DE ATLETISMO, non podendo utilizar o céspede do campo de xogo para lanzamentos, carreiras ou calquera outra actividade deportiva.
  - Que asumo que é recomendable realizar un recoñecemento médico previo co fin de garantir unha práctica deportiva segura.
  - Que son coñecedor de que o Concello de Santiago declina toda responsabilidade das lesións que puideran producirse derivadas da práctica deportiva. Enténdese que no momento de facer uso da instalación os usuarios manifestan estar aptos para realizar actividade físico-deportiva. Os accidentes ou lesións que se ocasionen serán asumidos polos seus respectivos seguros particulares.
  - Que son coñecedor de que Concello de Santiago non se fai responsable dos obxectos extraviados, sustraídos ou esquecidos nos vestiarios ou no interior da instalación. Recoméndase non introducir no recinto obxectos de valor.
  - Que lín e acepto o protocolo básico de actuación para o uso das instalacións deportivas municipais durante a incidencia do COVID-19.
  - Que accederé a instalacións con medidas de protección e que cumprirei as normas de utilización da instalación que marca o protocolo para cada un dos seus espazos así como o protocolo federativo da miña modalidade deportiva.
  - Que non accederé a instalación si presento sintomatoloxía compatible con coronavirus (febre superior ou igual a 37,5 grados, tose, malestar xeral, sensación de falta de alento, perda do sentido do gusto, dor de cabeza, dor muscular, vómitos, diarrea...) o calquera outro sintoma típico das infeccións.
  - Que non accederé a instalación si din positivo nin tiveren contacto estreito con algunha da persoa ou persoas con sintomatoloxía posible ou confirmadas de Covid-19 no 14 días inmediatamente anteriores a firma deste documento.
  - Que me comprometo a informar ao Concello de Santiago no caso de haber dado positivo en Covid-19.
- A sinatura acredita estar conforme, e a aceptación das normas de utilización da instalación do Concello de Santiago.

Santiago de Compostela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

Sinatura

#### **CLÁUSULA INFORMATIVA**

En cumprimento do disposto no art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, infórmase dos seguintes aspectos relacionados co tratamento dos datos persoais que nos proporciona:

- RESPONSABLE DE TRATAMENTO:** O Responsable do Tratamento é o Concello de Santiago de Compostela, con CIF P1507900G e enderezo na Praza do Obradoiro 1, 15705 Santiago de Compostela (A Coruña). O contacto co delegado de protección de datos é [dpd@santiagodecompostela.gal](mailto:dpd@santiagodecompostela.gal)
- FINALIDADE:** Os datos persoais facilitados serán tratados e utilizados para fins deportivos e outros actos de carácter protocolario e social organizados ou xestionados polo Concello.
- LEXITIMACIÓN:** A base legal do citado tratamento pode estar fundamentada no cumprimento dunha misión realizada en interese público (art. 6.1 RGPD) ou no seu consentemento, neste caso, pode vostede retiralo en calquera momento.
- COMUNICACIÓN DE DATOS:** Tamén lle informamos que os datos que nos proporciona, poden ser comunicados a outras administracións públicas, como poden ser Administración tributaria, Organismos da Seguridade Social, rexistros públicos, ou outros órganos da Administración local, autonómica ou estatal.
- CONSERVACIÓN:** Os seus datos trátanse durante o tempo necesario para levar a cabo a actividade concreta, unha vez finalizada conservanse durante os prazos de prescrición de posibles responsabilidades derivadas do tratamento.
- DEREITOS:** En calquera momento pode exercer os dereitos de acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos. Os devanditos dereitos poderán exercerse presentando unha solicitude a través do Rexistro xeral do Concello de Santiago de Compostela na rúa do Presidente Salvador Allende 4, 15705 Santiago de Compostela. Igualmente ten vostede dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de datos (AEPD).